

FLADEIRO

NADAL 2009

SEGUNDA ÉPOCA: Nº 15



C.E.I.P. MONTEMOGOS
BELUSO



ÍNDICE

TRABALLOS DE INFANTIL.

TRABALLOS DO PRIMEIRO CICLO.

PRIMEIRO CURSO.

SEGUNDO CURSO.

TRABALLOS DO SEGUNDO CICLO.

TERCEIRO CURSO.

CUARTO CURSO.

TRABALLOS DO TERCEIRO CICLO.

QUINTO CURSO.

SEXTO CURSO.

OS MÁIS CATIVOS DO COLE



R
O
B
E
R
T
O

ROBERTO



N
O
E
M
Í

NOEMI



B
R
E
I
X
O

BREIXO



A
L
E
X

ALEX



F.
J
O
S
É

F. JOSÉ



L
A
R
A

LARA



S
A
Ú
L

SAÚL



A
N
X
O

ANXO



J
E
S
Ú
S

JESÚS



M
I
G
U
E
L

MIGUEL



U
X
Í
A

UXÍA



V
I
C
T
O
R

VICTOR

SAÍDA DE OUTONO



O MES PASADO SAÍMOS
AS CASTAÑAS.
APAÑAMOS UN MONTÓN DELAS,
TAMÉN COLLEMOZ FOLLAS
E LANDRPS.
O MELLOR DE TODO FOI QUE NOS
COLUMPIAMOS NUNHA HAMACA.




FOMOS Á CASA DE IAGO
!!! MOITAS GRAZAS !!!

A SAÍDA INSPIROUNOS PARA
FACER MOITOS TRABALLOS.



E.I. 4 ANOS



O CASTELO DO TERROR

HABIA UNHA VEZ UNHA PANTASMA
QUE DABA MOITO MEDO.
VIVIA NUN CASTELO EN LUGO.
NESTE CASTELO HABIA
VAMPIROS E TAMEN MORCEGOS.
ESTABA MUY ESCURO.

UN DIA A PANTASMA
A VENTA.



POLA VENTA SAIRON
OS MORCEGOS
E CUBRIRON TODA A VILA DE
COR NEGRA TAPANDO OSOL
A XENTE DA VILA MARCHOU CORRENDO.
AS CASAS QUEDARON BALEIRAS
NELAS VINEN AGORA AS PANTASMAS
E OS VAMPIROS

!! NUNCA VAIAS POR ALI!!

REFRANEIRO INFANTIL

POLO SAN MARTIÑO ANDAN
AS NOCES A ROLIÑO.

POLO SAN MARTIÑO
MATA O TEU PORQUINO.



DESPOIS DO SAN
MARTIÑO DEIXA A AUGA
E BEBE O VIÑO.

CASTAÑAS, NOCES E VIÑO,
A LEDICIA DO SAN
MARTIÑO.




POLO SAN MARTIÑO
PROBA O TEU VIÑO.

TRA-LO VERÀN DE SAN

MARTIÑO! CHEGA NADAL
CO SEU INVERNIO.



OS MENOS E MENAS DE



EDUCACIÓN INFANTIL



DEBUXAN "O SAMAIN"

CAEN, CAEN SEN PARAR E NON DEIXAN DE BAILAR

Alá polo mes de outubro, os nenos e as nenas de primeiro curso, coa axuda das nososa familias, estivemos recollendo no DIARIO ditos, refráns, adiviñas, poemas,... relacionados co OUTONO. Aproveitamos a revista FIADEIRO para mostravos parte dese traballo.

Adiviña nº1

Vive sempre de pé,
cos brazos hacia afora.
Denúdase no outono
e vístese na primavera.



Espida eu quedei
porque o outono chegou;
pero na primavera
outra vez verde serei.
Quen son?

Adiviña nº2

Que cousa, cousiña é,
que pica por fóra
e da gusto por dentro?



Adiviña nº3

No campo eu me criei
atada con verdes lazos.
Aquel que chora por min,
estame cortando en pedazos.

Adiviña nº4

Cando a deixamos, se pasa.
Cando a vendemos, se pesa.
E se facemos viño, se pisa.

Adiviña nº5

Son pequena e
a miña cor é marrón,
cando chega o outono
métenme no fogón.



Adiviña nº7

Que cousa é,
que asubía sen boca,
corre sen pés,
dáche na cara
e ti non o ves?



Adiviña nº8

Son de color chocolate,
abrandan coa calor,
e ao metelas no forno
explotan con gran furor.
Que son?

Adiviña nº9

Coñécenme na guerra.
O meu nome é de capital.
Se me pos na mesa
seguro que che hei gustar.
Sabes ti quen son?

nº5: a castaña
nº6: a árbore
nº7: o vento
nº8: as castañas
nº9: a granada

SOLUCIONS AS ADIVINAS:
nº1: a árbore
nº2: o ovizo das castañas
nº3: a cebola
nº4: a uva

POEMA

Os paxaros marchan
buscando calor,
as follas que caen
cambian de cor.

No día máis curto
quenta pouco o sol,
as setas e nozes que ricas son!



CANTIGAS

Tres follíñas nai
ten a árbore
a unha namán
e as dúas no pé,
Inés, Inés, Inesiña, Inés.

Arboliño verde,
secou a póla,
debaixo da ponte
retumba na auga,
Inés, Inés, Inesiña, Inés.

Que chova, que chova
a Virxe da cova
os paxariños cantan
as nubes se levantan.
Que si, que non!
que caia un chuvascón
que rompa os cristais
de don Militón.



REFRÁNS

Se chove na lúa
de outubro, sete
lúas cubre



Polo mes de Santos,
xa baixa a neve aos
campos.

En novembro
no mar mal tempo.




Outono presente
inverno na acera de enfrente

RIMAS


Rata Tomasa
pechou a casa,
rato Tom
pechou o bidón.

(Uxía)



Rato Tom foi a fonte
que estaba no monte.

(Dani e Bruno)



Tomasa, eres suaviña
como unha masiña.

(Andrea e Teresa)


Rata Tomasa
mandou unha carta
e rato Tom
mandou unha invitación

(Manuel e Martín)



Rato Tom
apagou a televisión

(Carlota e Carla)



Nenas e nenos de 1ºA e B

A ARAÑA XIGANTE

Había unha vez unha araña xigante, moi peluda e moi velenosa, que vivía nunha cidade italiana chamada Tarento.

Un día, a araña xigante atopou un gran burato nunha árbore, e alí se meteu.

Por alí pasou un rapaz da cidade e quedou mirando para o burato, sen saber o que alí había. Acercouse un pouco para mirar, despois un pouco máis... MÁIS...¡MÁIS!, e ... de repente ...

¡¡¡Ahh!!!

Oíuse un gran berro. ¡Alí había uns ollos xigantes que miraban desde a escuridade!.

O rapaz saltou lonxe da árbore, pero ... como quería saber que era aquilo, volveu acercarse moi amodo, moi amodo ...caladiño, caladiño ... e ...de pronto...

¡¡¡ZAS!!!

¡¡¡ALGO SE PEGOU NA SÚA CARA!!!

¡¡¡Ahh!!!

O rapaz botou a correr, intentando quitar aquilo que lle tiña a cara atrapada. Era algo ...

¡¡¡GRANDE!!!

¡¡¡PELUDO!!!

¡¡¡CON MOITAS PATAS!!!

e ...

¡¡¡UNHA GRANDÍSIMA ... BOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOOCA!!!

O mozo, como non podía ver nada, chegou a un río e tirouse nel, sen saber ...

¡¡¡O QUE ALÍ HABÍA!!!

Dentro da auga, seguía loitando contra a araña, para que o soltase. De repente, notou que ... “ALGO” se acercaba, MÁIS, MÁIS ... MÁIS, ata que ... viu

¡¡¡UNHA GRAN BOOOOOOOOOCA!!!

¡Estaba ao seu lado!, ¡Estaba aberta! e ...

¡¡¡CHEEEEA DE DEEEENTES MOI AFIADOS!!!

¡Era unha gran boca que quería tragalo enteiro!

¡¡¡ERA UN GRAN CROCODILO!!!, ¡¡¡SEGUIDO DOUTROS MÁIS!!!

O rapaz quería escapar correndo ou nadando, pero as pernas non se movían. Os crocodilos estaban cada vez ...

¡¡¡MÁIS PRETO DEL!!!

¡Non sabía que facer!, ¡estábano rodeando!, ¡todas as bocas estaban abertas! e todas tiñan...

¡¡¡MILLÓNS DE DENTES!!!

Xa non podía máis, cunha araña xigante na cara e rodeado de crocodilos, cría que ía morrer. Pero cando o ían comer ...

¡¡¡DOU UN GRAN SALTO E PASOU POR RIBA DELES!!!

Nadou RÁPIDO, RÁPIDO, RÁPIDO, canto podía e ... sen mirar onde ía. Só miraba cara atrás para ver se o pillaban.

NADOU, NADOU e NADOU ata que ...

¡¡¡ESTABA CHEGANDO A UNHA FERVENZA ... ALTÍSIMA!!!

¡ÍA CAER!, ¡ÍA CAER!, estaba ao lado, pero ... ¡NON O SABÍA!

De pronto, mirou cara adiante e berrou:

¡¡¡AHHHHHHHHHHHHHHHHHHHHHHHHHHHHHH!!!

¡¡¡ Ahhh!!!

¡¡¡ahhh!!!

¡¡¡ahhh!!!

¡¡¡ahhh!!!

¡¡¡ahhh"!!!

A súa voz perdeuse no baleiro. ¡Caera pola fervenza! e seguía caendo, caendo ...

¡¡¡caeeeeeeeeeeeeeeeeeeeeeeeeeeeeeeeeeeendo!!!

¡Por fin chegou abaixo!. O rapaz pensaba, outra vez, que ía morrer ¡e coa araña pegada na cara!. Estaba debaixo da auga, ¡afogando!, ¡non podía saír!, ¡non tiña forza!, estaba...

¡¡¡MORRENDO!!!

Deixouse así, esperando afogar de todo ... De pronto, pegou un salto e saíu da auga... ¡correndo á beira!

¿QUE FOI?, ¿QUE ME PASOU?

Só sabía que sentira unha gran dor no seu ¡¡¡TRASEIRO!!!. Botou alí a man e atopou un peixe que o estaba trabando, era ...

¡¡¡UNHA PIRAÑA!!!
¡¡¡QUE DENTES AFIADOS TIÑA!!!

Tivo unha gran idea ...

¡¡¡POÑER A PIRAÑA DIANTE DA CARA PARA QUE COMESE A ARAÑA!!!

¡¡¡XA ESTABA!!!, ¡¡¡ESA ERA A SOLUCIÓN!!!

Así o fixo, pero ...¡¡¡OH NON, NON PODÍA SER!!!

A ARAÑA ... ¡¡¡COMEU A PIRAÑA!!!

Agora a araña era ...¡¡¡MÁIS GRANDE!!! E ... ¡¡¡COS DENTES DA PIRAÑA!!!

O mozo non podía case respirar. A araña agarráballe as orellas, o nariz e o pescozo. Non podía máis con aquel bicho.

Foi correndo á súa cidade, Tarento, a pedir axuda aos seus veciños. Todos saíron a axudarlle. Tiraban forte pola araña, pero non saía da cara.

De pronto, a araña ...

¡¡¡COMEZOU A TIRAR VELENO ÁS CARAS DA XENTE!!!

Todos empezaron a berrar:

¡¡¡SOCORRO, SOCORRO!!!, ¡¡¡IMOS MORRER TODOS!!!

E todo o mundo comezou a SALTAR, CORRER, MOVER OS BRAZOS ...

¡¡¡AQUELO PARECÍA UN BAILE!!!

¡¡¡ERA COMO O BAILE QUE ELES TIÑAN NA CIDADE!!!

¡¡¡ A TARANTELA !!!

Que era así, movementos rápidos e sen parar. Todo era alboroto, berros, saltos, carreiras... Todos estaban suando moito con tanto movemento e ... de pronto, alguén dixo :

¡¡¡ A MIÑA SUOR É DUNHA COR RARA!!!, ¡¡¡E A AMIÑA!!!, ¡¡¡E A AMIÑA!!!

¡¡¡TODOS SUABAN IGUAL!!!

¡¡¡ ERA O VELENO QUE SAÍA COA SUOR !!!

¡¡¡XA NON MORRERÍAN ENVELENADOS!!!, ¡¡¡BEN!!!, ¡¡¡VIVA!!!

Todos estaban moi ledos e felices, pero esqueceron que ...

¡¡¡ A ARAÑA SEGUÍA NA CARA DO MOZO !!!

Tentaron quitarlla outra vez, pero tiñan medo. Metéronse nas súas casas e viron que a araña saltou da cara ao chan. Empezou a crecer, ¡¡¡aínda máis e máis!!!

¡¡¡ERA MÁIS GRANDE QUE AS CASAS!!!

E... comezou a aplastalas coas súas patas. A xente saltaba polas ventás e escapaba ao campo. Todos xuntos empezaron a lanzarlle pedras cunha catapulta, pero a araña...

¡¡¡COMÍAAAS E ENGORDABA MÁIS!!!

Despois lanzáronlle frechas, pero pasou o mesmo, ¡¡¡COMÍAAAS!!!, e facíase aínda máis xigante.

Non sabían que facer, ¡¡¡ÍA COMELOS A TODOS!!!

¡¡¡ERA MÁIS GRANDE QUE OS EDIFICIOS!!!

Pero alguén tivo unha idea: **¡¡¡XA O SEI!!!**

¡¡¡TIRARÉMOSLLE ACEITE FERVENDO!!!

¡¡¡NON O PODERÁ COMER!!!, e se o fai, **¡¡¡QUEIMARASE POR DENTRO!!!**

Así o fixeron. Comezaron a lanzarlle o aceite fervendo e a araña empezou a queimarse con el.

Seguiron moito tempo facéndoo ata que a araña...

¡¡¡ MORREU !!!

¡¡¡BEN!!!, ¡¡¡VIVA!!!, ¡¡¡BEN!!!, ¡¡¡VIVA!!!

dicían todos moi ledos.

E pensaron en poñerlle un nome porque só se chamaba araña, e parecíalles pouco para un bichoco tan xigante.

Así, pensando, pensando, tiveron unha gran idea. Como lles fixo moverse tanto para sacar o seu veneno, que parecía que estaban bailando a tarantela, chamáronlle...

¡¡¡ TARÁNTULA !!!

¡¡¡ A ARAÑA ... TARÁNTULA !!!



(Conto inventado polas nenas e nenos de 2º de Primaria)

CANTOS CONTOS CONTAS. 3º

CONTOS DE ANIMAIS

A COBAIA PRITI RECUPERA A SÚA FAMILIA.

Érase unha vez unha bruxa que vivía nos arredores da montaña. Tiña unha mascota simpática que era unha cobaia



multicolor e chamábase Priti. Un día a cobaia, xogando, caeu dentro dun barril que tiña a bruxa na súa adega e deu a casualidade que tiña un pequeno furado polo cal coouse, chegou ao centro da Terra

onde de súpeto viu moitas cobaías que resultaron ser a súa familia. Priti facía dous anos que non os vía porque a bruxa secuestráraos cando estaba nunha festa cos seus pais. Ela prúxose moi feliz ao velos e nunca máis se separou deles e a bruxa foi levada ao cárcere polo secuestro de Priti.

Lucía.

O NADAL NO BOSQUE.



Érase unha vez unha gatiña moi lista que sabía falar.

Un día perdeuse no bosque, un bosque no que os animais falaban. Pero ela non coñecía a ningún. Pasados dous días ía ser Nadal e a gatiña perdida, non a

podría pasar coa familia e botaba de menos aos seus. Entón luxou adornos e logo de facer a árbore tamén construíu unha casa para ela. Ao día seguinte viu un gatiño e decidiu achegarse a el. Díxolle se quería pasar os Nadaís con ela, porque estaba soa. El díxolle que si e así foi como o gatiño e a gatiña quedaron a vivir no bosque moi felices, ata que a familia da gatiña atopounos e os dous foron vivir á súa casa.

María

O ESQUÍO LUÍS.

Nun pequeno bosque, vivía un esquío chamado Luís. A Luís gustáballe xogar coa súa amiga un gorila chamado Manuel, sempre xogaban ao agocho. Un día aparecéuselles un enorme lobo cos dentes enormes, que gritaba:



- ¡Teño fame!.

Luís e Manuel botaron a correr porque pensaron que o lobo íaos comer e gritaban:

- ¡Socorro, socorro!.

Gritaban tanto que o seu amigo o tigre chegou para axudalos. Lanzouse sobre o lobo, asustouno e xamais volveu pasar por aquel bosque.

David Piñeiro.

UN GATO SALVAXE.

Un día pola tarde a miña nai dixo ao meu irmán e a min:

- Pórvos o chándal que imos de excursión ao monte.

Nós fomos camiñando por un camiño e ao chegar ao medio vimos como se movían unhas follas e fomos mirar. Era un gatiño pequeniño de cor branca.



Quixemos collelo e el tiñanos medo. Entón o meu irmán deulle de comer e despois el viña detrás de nós. Collemos unha caixa, metémolo dentro e puxémoslle de nome Lío. Desde entón o gato é o meu mellor amigo e vai comigo a case todos os sitios.

Jose.

O CAN E A OVELLA.

Había un pastor que tiña un rabaño de ovellas e un can que se chamaba Rusti. O cachorro coidaba as ovellas e cando observaba



que había algún perigo, falaba coa ovela máis vella do rabaño. Esta ovela chamábase Doli e era moi lista. Cando Rusti descubría algún perigo, dicíalle ás súas amigas que se xuntasen facendo un círculo. Desta forma podía defendelas mellor cando atacaba o lobo. O pastor sabía que Rusti e Doli falaban entre eles. Para el é coma se fosen da familia, queríaos moitísimo.

Sergio.

UN GATO EN MADRID.

Un día, un gato chamado Garfield, estaba cansado de vivir en Galicia e coa súa moto de carreiras foise a Madrid pola autoestrada. Cando chegou decidiu ir tomar sushi a un restaurante. Despois foise ao parque de atraccións e montou na montaña rusa, na noria... e ao finalizar regresou ao edificio que alugara para durmir. Pola mañá nunha tenda para ratos comprou un vestido novo. Saiu da tenda e atopouse cunha gata moi guapa chamada Margarida. Namorouse e ao cabo dun ano casou con ela e tiveron dous gatiños preciosos que se chamaban Ramón e Federico.

Héctor.



HISTORIAS DE TERROR.

AS BRUXAS ESPERTAN.



A tan esperada noite de Samain, por fin, chegou. Os nenos dispúñanse a saír a pór os seus doces para logo reunirse e contar contos de terror. Pero esta vez algo especial sucedería. En lugar de reunirse no sitio de sempre faríano no cemiterio abandonado, nas aforas da vila.

Todos estaban moi nerviosos pero disimulaban o seu medo. O lugar atopábase todo en calma e moi silencioso. Os nenos comezaron a chegar e sentaron formando un círculo ao redor dunha lanterna que iluminaba só as súas caras.

Un deles empezou a contar unha lenda do cemiterio:

-Dise que neste lugar foron enterradas tres bruxas malvadas, e dende ese momento todos os anos na noite do Samain saen das tumbas para asustar a aqueles que non cren nelas.

-Pero, quen está facendo ruidos?

-Hai aí alguén escondido?

Todos quedaron quietos, talvez algún dos nenos se escondese para meter medo. Entón escoitaron as doce badaladas da igrexa soando ao lonxe. Os nenos



tomáronse as mans. A lanterna caeu apagándose co vento que comezaba a soprar. A Lúa víase máis grande e tenebrosa .

-Debemos regresar ás nosas casas, isto xa deixou de ser gracioso dixo un deles.


De seguido gritou:

-Deus! Deus! Qué iso?

Algo extraño parecía saír das tumbas flotando, nunca viran semellante cousa. Querían correr; pero as súas pernas estaban duras polo medo. De súpeto unha risa oíuse por todo o cemiterio. Por fin os pequenos conseguiran saír correndo daquel espantoso sitio. Cando estiveron a salvo nas súas casas, prometeron non contar a ningún o que viran, pero a partir daquela noite, xamais volveron burlarse dos que contan historias sobre o cemiterio abandonado.

María.

UN DÍA DE CACERÍA.



Hai moitos anos, nunha aldea moi remota entre montañas, vivía unha familia de labregos que tiñan un fillo chamado Lucas. Era un rapaz moi valente e decidido, con tan só once anos.

Unha mañá ao espertar, este neno e mais o seu pai decidiron ir de caza. Colleron a Tornado, que así era

como se chamaba o seu cabalo e o resto das cousas que necesitaban e emprenderon o camiño.

Foron trotando e trotando ata que chegaron a unha fraga escura e tenebrosa. Daba moito medo seguir meténdose no seu interior; pero como Lucas e o seu pai eran moi decididos, continuaron. De súpeto o cabalo rinchou e dou un gran salto tirándosos ao chan e fuxindo moi nervioso.

Cando se erxueron, viron que estaban rodeados de morcegos e pantasmas enfurecidos. O medo era tal que os dous empezaron a tremar. O pai de Lucas non era capaz de cargar a escopeta.

De seguido, comezou a chover e a tronar moi forte e así as pantasmas e os morcegos fuxiron do lugar, berrando.

Os dous deron a volta e regresaron para a súa casa moi asustados.

Todo quedou nun gran susto para esta familia, pero o peor de todo foi que Tornado non foi quen de volver ao seu fogar nunca xamais.



Lucía


CANTIGAS DO MAGOSTO

Has de bailar
que che hei de dar castañas.
Has de bailar,
que chas hei de dar,
Que chas teño prometidas
e non che podo faltar.

Has de cantar
que che hei de dar zonchos.
Has de cantar,
que che hei de dar moitos.

Con castañas asadas
foxe o friño;
con pexada salpresa
non hai ruín viño .

A castaña no ourizo
cría moita gravidade
fai coma os mozos solteiros
criados na liberdade



María vai pola calle
Cuns zapatos de papel.
Tente , María non caias,
Agárrate ao Manuel

Señora María,
señor Manuel,
castañas asadas
e viño con mel.
E viño con mel,
e viño con mel.
Señora María,
señor Manuel.

Aquí témolo magosto.
Que viva a festa rachada.
Os meniños desta escola
farán hoxe a castañada.



Señora María,
señor Manuel,
castañas asadas
que saben moi ben.

Que saben moi ben,
que saben moi ben,
señora María,
señor Manuel.

A castaña no ourizo
quixo rir e regañou,
caeu do castaño embaixo
mira ti o que gañou.

O carballo bota landras
e o castiñeiro ourizos.
Para ser muller casada
tes ben pouco xuízo.



Santo que estás no canizo,
bota castañas embaixo,
aunque non teño mandil
acádochas no refaixo

Castañas asadas
e viño con mel;
e a miña señora
detrás do tonel.

Acaláronse as vendimas
E veñen as esolladas,
Para comer coas mozas
Catro castañas asadas.

Miña nai, dóeme a barriga
-Miña filla, confesión.
As castañas que comiche
de qué castiñeiro son?


A castaña no ourizo
quixo rir e rebentou:
caendo castiro abaixo,
mira que golpe levou!

Moza que estás no canizo,
bota castañas abaixo,
aínda que non teña mandil
acádochas no refaixo.

Castañas asadas
e viño con mel;
e a miña señora
detrás do tonel.

Acaláronse as castañas,
secaron os castiñeiros.
Acaláronse as rapazas,
quedan os mozos solteiros .

Acaláronse as vendimas
e veñen as esolladas,
para comer coas mozas
catro castañas asadas.



Monxe que estás no canizo,
tira castañas abaixo.
Tírame das máis grandiñas
que ás pequenas non me baixo.

Canta cuco, canta cuco
na galla do castiñeiro
coa machadiña na man
aprendendo a carpinteiro

Non chas quero, non chas quero,
castañas do teu magosto.
Non chas quero, non chas quero,
que me cheiran as chamuscos.

Mociños de aló arriba
vídevos ó fiadeiro,
que vos hei de dar castañas
cando eu sexa castiñeiro

Santiña do Soutárelo
bota castañas embaixo,
anque non teña mantelo
collereinas no refaixo.



Señora María,
muller do barqueiro,
castañas asadas
e viño dulceiro.
Do outro lado da veiga,
ten meu pai un castiñeiro.
Dá castañas en Agosto
e uvas mouras en Xaneiro.

Indo polo souto abaixo
atopei un ouriciño,
tres castañiñas me deu
para ti meu queridiño.



Castiñeiro sen ourizos,
castañas non pode dar.
Rapaza que non ten graza,
que amores pode tomar?

Bugallos nun castiñeiro,
foi cousa que nunca vin.
Galácheste que te quixen,
e eu nunca te pretendín.

Namoreime da castaña,
namoreime do ourizo.
Namoreime de ti nena,
porque tes o pelo rizo.

A castaña no ourizo,
eu ben che sei o que fai.
Se está verde, madura
e se está madura cae .

O carballo bota landras
e o castiñeiro ourizos
para ser muller casada
tes ben pouco xuízo.

O carballo bota landras
e o castiñeiro ourizos
para ser muller casada
tes ben pouco xuízo.

A feira de Monterroso
tenche moitos arredores
terra de moitos "castaños".
Vivan os sacudidores!

Namoreime na castaña
namoreime no ourizo
namoreime en ti, nena
porque cantabas moi ben;
agora morro de fame,
o cantar non me mantén.

Namoreime da castaña
namoreime do ourizo,
namoreime de ti, nena
porque tes o pelo rizo.



Eu ben vin estar o cuco
enriba dun castiñeiro
cunha subela na man
aprendendo a zapateiro.

Heiche de dar as castañas
se arde o castiñeiro.
Meniña, se has de ser miña
dáme un biquiño primeiro.
Ai, lá ...

A castaña sabe ben
o riño vaise bebendo
o cariño vai entrando
a honra vaise perdendo.
As castañas son castañas,
os ourizos son ourizos.
Os ollos da túa cara
para min son dous feitizos.

Castiñeiro sen polóns
que castañas pode dar;
mozo solteiro sen dentes
que moza pode atopar.

Castiñeiro, das castañas,
que eu che vexo candeas;
ó te ver falar con outro
sáltame o sangue nas veas.

Miña Virxe da Lanzada
bota castañas abaixo,
anque non teño mantelo
collereina no refaixo.
San Martiño de Salcedo
ten un anel na man,
que llo mandou de regalo
San Andrés de Lourizán.

Ángel, Benito, Lucía, María e
Sergio 3º

XOGANDO A SER XORNALISTAS

As nenas e os nenos de 4º de primaria, para mellorar a nosa expresión oral e tamén a expresión escrita decidimos que íamos ser “xornalistas”.

Cada quince días, un neno/-a elixe unha noticia ou un feito que lle parece interesante contar aos demais. Logo de relatar de forma oral o acontecido, todos redactamos por escrito esa noticia.

O primeiro día que realizamos esta actividade, cada un decidiu cal sería o nome do seu xornal. Os nomes de xornais que foron xurdindo son os seguintes:

EL MUNDO DE LAS NOTICIAS

EL DIARIO DEL COLEGIO

EL FARO DE MIL COLORES

NOTICIAS MONTEMOGOS

NOTICIAS CABO UDRA

A VOZ DE BELUSO

EL DIARIO DEL PUEBLO

NOTICIAS DE BELUSO

LA VOZ MÁGICA

O FARO DE PONTEVEDRA

O DIARIO DO ESTUDANTE

O DIARIO DA CLASE

EL DIARIO DE BUEU

EL DIARIO DE BELUSO

LA VOZ DE BELUSO

Para cada noticia que redactamos, eliximos un titular e facemos a ilustración.

Como nos daba un pouco de vergoña falar en público, a primeira que nos relatou un feito foi a mestra.

Como redactamos nós ese feito?

Postales

En el colegio de Beluso, la profe Cruz, nos enseñó al curso de cuarto sus postales de cuando era pequeña.

A los niños les asombró las postales y no sólo porque eran bonitas, que también, sino porque

había muchísimas de cada provincia, de “Galicia”, “Tenerife”.

Fue un día emocionante para los niños de cuarto.

André



La colección de postales

La profesora Cruz nos enseñó y nos contó como empezó a coleccionar postales.

Su hermana mayor hacia una colección de cromos que le gustaba mucho. Ella empezó a

coleccionar postales de Galicia, de distintos países, etc...que las guardó en distintos álbumes.

David

La profe y su colección

Empezó desde que era pequeña. Su hermana tenía un álbum de cromos de lugares. Cuando sus hermanos se iban a trabajar, por ejemplo, a Madrid, Barcelona...le mandaban postales.

Ella las guardaba en una bolsa. Ahora que es mayor, las guarda en álbumes ¡Tiene cuatro! y postales sin colocar aún.

Sara Sotelo



Como redactamos os compañeros a noticia de Sabela?

Sabela habla de Barcelona

Hoy una compañera nos contó que fue a Barcelona. Dijo que fue a comer a un restaurante y también al Hospital de Sant Pau.

Fue en metro, en avión y conoció a una niña que se llamaba Vanesa, era guapa. Nos dijo también que se lo pasó genial.

Malena

Sabela hablando de Barcelona

Sabela hoy nos contó que cuando fue a Barcelona le gustó mucho el hospital de la Santa Creu I Sant Pau y también le gustó

mucho la Disney Store. Fue a un restaurante japonés. Y como tenía que andar mucho, cogieron el metro para llegar antes.


Desiré

El viaje de Sabela a Barcelona

Hoy Sabela nos contó que fue a Barcelona en avión. Dijo que Barcelona es una ciudad muy grande y que fue a muchos sitios. Uno de los

lugares al que fue era un hospital, el de Sant Pau, que le gustó mucho. Sabela conoció a una amiga que se llamaba Vanesa.

Tania



La maravilla de Barcelona

Sabela nos contou su viaxe a Barcelona. Nos dijo que lle gustou moito un hospital chamado Santa Creu I Sant Pau. Decía que tenía un torreón y que un ano vino la peste.

En Barcelona coñeceu unha nena. Comíu en un restaurante e en una pizzería.



Ana

Vacaciones en Barcelona

Hoy día 29, Sabela nos falou de sus vacaciones en Barcelona. Fue a un hospital chamado Hospital de Sant Pau. Fue el sitio que

más lle gustou. Había unas flechas para ir al quirófano. También fue a un restaurante japonés donde comíu e cenou.

Irene




Como redactamos os compañeiros a noticia de Sara Álvarez?

Cando Sara foi ao zoo

Hoxe Sara contounos a viaxe ao zoo de Lugo. Díxonos que vira moitos animais e que cando foron comer non os atendían e comeron bocatas. Despois unha señora díxolles que

había lobos no bosque e foron velos e tamén aos camelos. A nós gustounos moito e a min encántanme os animais.

Marta



O zoo de Lugo

Hoy Sara nos falou del zoo de Lugo. Nos dijo que primeiro fue a una tienda y le dieron las entradas. Iban a comer en el bar pero como tardaban en servir la comida fueron a comer

bocadillos al coche. Vieron muchos animales: tortugas, ardillas, monos,...Y fueron a caminar por el bosque donde había lobos sueltos y avestruces.

Raquel

Sara habla del zoo de Lugo

Una amiga que se llama Sara nos habló del zoo de Lugo. Era grande, tenía muchos animales y les acompañó una guía. Había

monos, lobos, avestruces, camellos, ardillas,...Fueron a un bar pero como no los atendían comieron los bocadillos en el coche.

José Ramón



A viaxe ao zoo

Hoxe Sara Álvarez contounos que foi ao zoo de Lugo e perdeuse. Preguntou nunha gasolinera e dixerónlle por onde era. Chegou e viu un camelo. Logo da viaxe tiñan fame e foron a comer a un bar pero non os atenderon

así que foron ao coche a comer bocadillos. Despois foron ver animais ao zoo. Merendaron e despois unha señora guiounos ata un bosque onde había lobos soltos e avestruces. As sete marcharon.

Cristian Gómez

Como redactamos os compañeiros a noticia de Tania?

Tania y el zoo de Vigo

Hoy Tania nos contó que fuera al zoo de Vigo. Al principio, nos dijo que pasara por el Puente de Rande y que debajo había un tesoro. Al llegar al zoo, dijo que viera patos, mapaches,

leones, osos, jabalíes, etc. Después fueron a merendar a un sitio del zoo. Había una niña corriendo. Después de merendar se fueron.

Sara Alvarez



El zoo de Vigo

Hoy Tania Alvite nos contó como fue su aventura en el zoo de Vigo. Para ir al zoo, como nos contó Tania, hay que pasar por el Puente de Rande. Dicen que hay un tesoro escondido. Vio muchos animales como

leopardos, bisontes, etc. Más tarde fueron a merendar a unas mesas y un niño estaba molestando y diciendo que quería correr pero Tania no quiso.

Sabela



El zoo

Tania nos habló del zoo y del tesoro. Dijo que en el zoo había mapaches, cigüeñas y otros animales como jabalíes y bisontes. Luego fue

a unas mesas a comer. Por último nos enseñó las fotos que hizo de los animales.

Miguel

El zoo que visitó Tania

Hoy vino Tania a contarnos que fue al zoo de Vigo y que pasó por el Puente de Rande. Nos fue enseñando fotos de animales. Había un

ñandú, un león, osos, jabalíes, ciervos, ciervos blancos, un mapache y también cigüeñas y patos.

Rubén

Tania en el zoo

Hoy nuestra compañera Tania nos contó que fue al zoo de Vigo y que se va por el Puente de Rande. Vio muchos animales: ciervos

blancos, búhos, osos, tigres, etc. Después fueron a merendar a un área recreativa donde había mesas. Por último, marcharon.

Violeta

Viaxe ao zoo de Vigo

Hoxe, 10 de novembro, Tania contounos que foi ao zoo de Vigo a mirar os animais. Tania ensinounos as fotos. Nas fotos había patos,

tigres, un mapache, galos, osos xogando, xabaríns,...Despois ao saír do zoo foron merendar e logo marcharon para casa.

Christian Piñeiro

A MONTAÑA EMBRUXADA

Estaba anoitecendo, chovía a mares. Jack estaba só na casa, os seus pais foran facer a compra ao centro comercial da cidade e voltarían bastante tarde. Estaba aburrido e miraba a través da fiestra como os lóstregos iluminaban o ceo. As rúas estaban desertas e moi escuras, por culpa da treboada, non había corrente eléctrica. Non podía ver a tele e pensou que se perdería a súa serie favorita “The Supervivientes Boys”. Sentía envexa dos seus protagonistas, sempre tiñan que enfrentarse a grandes retos e superar situacións complicadas. Como lle gustaría ser un deles ! Aínda que o que máis lle gustaba era o final, cando saían unhas rapazas monísimas en biquini, pintándose os beizos. A Jack caíalle a baba!

Mentres pensaba nestas cousas, decidiu saír a dar unha volta, aínda que cando xa estaba fóra, arrepenitiuse, pois daba medo andar pola rúa. So a el se lle ocorría saír esa noite. Ía devagando, cando un lóstrego iluminou a montaña e viu ao lonxe unha estraña casa. Entón decidiu subir a “Montaña Embruxada”. Un lugar verdadeiramente arrepiante.

Ao chegar ao cume, Jack atopou enseguida a casa e, como tiña moito frío, decidiu entrar. Nada máis entrar sentiu un intenso **arrepío** que lle percorreu todo o corpo. Estaba moi escuro,apestaba a humidade, a po e a ... morto. De súpeto, escoitou unha voz de ultratumba que dicía:



-OLA, SER DOUTRO MUNDO.

-Quen es e que queres?- preguntou Jack morto de medo.

-Son a dona desta casa embruxada, e todo humano que entra nela... xa non sae máis. Son un alma desolada, que anda vagando día e noite entre as paredes deste vello castelo. So quero un corpo co que poder camiñar, xogar, comer...

Entón a pantasma meteuse no corpo de Jack e o manipulou. Jack empezou a facer cousas moi raras cos pés, coa cabeza,..., non era quen de controlar o seu corpo. De súpeto, a pantasma, como non lle gustaba o aspecto que tiña (pois Jack era moi feo), saíu do corpo de Jack e deixouno libre. Pero antes de marchar confesoulle que, en realidade, non era unha pantasma, senón que era Mary Jones, unha das rapazas da súa serie preferida.

Jack quedou abraiado, sin saber que dicir. Deu media volta e saíu correndo. Cando lle contou todo o ocorrido aos seus amigos, claro... ningún lle creu.

Clara Costas


AS GALIÑAS DECAPITADAS

Unha das cousas que máis me daba medo cando era pequeno eran as galiñas decapitadas. Agora explicovos o que significa.

Eu, sempre que miña avoa ía ao galiñeiro, ía detrás dela. Un día, mentres ela collía as galiñas e as levaba para fóra eu pensaba que lle ía sacar os ovos, pero non... Colleu unha polo pescozo, púxoala enriba dunha táboa, agarrou o machete e ...plaf, a pobre galiña empezou a correr dun lado a outro coa cabeza colgando e pingando sangue; boteime a correr e saín fóra do galiñeiro. Había unhas catro galiñas correndo e estampándose contra as paredes, uns segundos despois estaban todas tiradas no chan e cun charco de sangue debaixo.

Para mín ese pouco tempo foi unha eternidade, logo calmeime e volvíen entrar. A miña avoa empezou a rir cando eu lle dixen que non fixera iso nunca máis porque iso me daba medo.

Algunhas noites penso que vai entrar unha galiña decapitada pola porta...e... Que medo...!




Sergio Fandiño

CHEGAN OS MARCIANOS

Estaba só na casa xogando á videoconsola, era sábado, miña nai fora comprar ao supermercado e meus avós foran cuns amigos de excursión, de súpeto, escoitouse un: Ding, dong, soou o timbre.

Fun ver quen chamaba, pero diante dos meus ollos había unha estraña criatura, era un extraterrestre. Eu leveime un susto de morte. O alieníxena tiña a cabeza xigante, era verde e cos ollos vermellos coma os do demo. Intentei entrar para chamar por teléfono á policía pero, o marciano, xa me tiña agarrado pola gorxa. Eu estaba atemorizado, pensaba que me ían matar pero o único que quería era saber como se facía o chocolate.

Fun á cociña e entregueille o libro de receitas da miña nai. Nese intre soou o espertador. Todo fora un soño. Aínda que...miña nai non volveu atopar o seu libro de receitas.



Alex

O DIA DE DEFUNTOS

A Paula, unha nena duns 8 anos , o que máis lle gustaba facer era asustar a o seu irmán pequeno , duns 2 aniños. Contáballe historias de terror sobre :

A santa compañia, Bruxas, O home do saco..... O que molaba diso era a tremenda cara que poñía Pablo despois de oílas.

Un día , o mediodía, Paula oíu a súa nai e máis a súa avoa falar do día de defuntos , que ía ser esa noite. Entón preguntoulle a súa nai que era a noite de defuntos. Ela contestoulle :

- E o día en que se recorda os mortos, nada serio.

Entón a rapaza díxolle:

- E se non é unha cousa tan seria por que falabades dela?

- Non, por nada.

Dito isto a nai de Paula marchou deixando a nena con medo e intriga. Por primeira vez sentíase coma Pablo despois de contarlle as historias de medo.

Cando chegou a noite , coma sempre , a súa nai deulle a cena e un bico de boas noites para ir para cama .

Pero... Paula estaba intranquila. Non podía durmir, sentía coma se fóra da casa houbese pantasmas que ían atacala. Entón pensou :

- Aquí non estou segura , irei ao cuarto de Pablo .

Cando chegou deuse conta de que o seu irmanciño estaba na mesma situación. Entón, colleuno en brazos e díxolle :

- Tranquilo, Pablo, aínda que non mo creas pásame o mesmo ca ti.


Cada vez facíase máis de noite e se sentían máis ruidos tenebrosos, víanse sombras e mesmo a Paula pareceulle oír pasos.

De repente, na escuridade, apareceron unhas luces vermellas e.....

-HAAAAAAAAAAAAAAAAAAAA! – Chiou Paula .

Pouco a pouco notábase coma unhas capas negras se acercaban a eles. Entón Paula colleu unha manta tapou o seu irmán e saíu da casa correndo con el. Correu e correu ata que chegou a un cemiterio. Polo menos alí parecía estar tranquilo. Pero por pouco tempo porque empezaron a saír pantasmas por todos recunchos. Paula asustada caeu o chan e quedou a durmir. A mañá seguinte espertou na cama, entón pensou :

Todo era un pesadelo!



Nerea Cordeiro

O FEITIZO

Un día pola noite, soñei unha cousa que me deu moito medo, agora vola conto: Estabamos no colexio o día que iamos de excursión a unha casa encantada. Pero..., pasou unha cousa terrorífica.

Algúns alumnos estaban moi raros! Tiñan... **UN FEITIZO!**

A min e a outros dos meus compañeiros non nos pasara nada, ata que chegamos á **casa encantada**.

Antes de que entráramos había un montón de silvas e non podíamos pasar. Pero os que tiñan o feitizo as comían, e os que non, pasaban polos ocos onde non había silvas, pero caían nuns buratos e morrían.

Eu sin darme conta virei a cabeza para atrás e un dos meus compañeiros botoume o feitizo e eu tamen empecei a comer todas as silvas.

Só faltaba un neno por telo, pero entón ocorreu que cando o ían feitizar xa non tiñamos o feitizo, e como aínda non rematáramos de comer as silvas, pincháronme na boca.

E así foi como espertei do sono tan terrorífico que tiña.



Carlota Castro

A PANTASMA DO TERROR

Unha nena chamada Marta era moi curiosa. Era noite de defuntos e Marta saíu a pasear, de súpeto, mirou un castelo e entrou abrindo a porta lentamente. PUM¡-Que foi iso?-Preguntouse Marta.

Asustada Marta intentou abrir a porta, pero xa non puido .

-Ola, hai alguén aquí?

-Non, so ti e eu , ah ,ah, ah ;

Entón Marta empezou a pegarlle patadas a porta, pero non abría.


-Bueno, xa miras que non podes escapar - dixo a pantoasma.

-Quen es , e que queres ?- preguntou Marta tremendo de medo.

Nada, so quero a túa alma – dixo a pantoasma.

Entón Marta caeu desmaiada e a pantoasma aproveitou e rouboulle a súa alma.

Ao cabo duns días atoparon a Marta tirada no chan do castelo.



Andrea Calviño

O HOME LOBO

María era unha moza que vivía en Colón cos seus pais. Pero ela quería marcharse dali á casa na que pasaba a tempada de verán.

Despois de pensalo un tempo, os seus pais deixárona ir. Ao chegar alí o seu tío estaba esperándoa e regaloulle un coche.

O día seguinte foi ao instituto e alí coñeceu a uns amigos cos que estivo comendo e falando. Ao rematar foi a clase de bioloxía e alí coñeceu a un mozo moi raro que tiña os ollos de cor negro e o cabo dun tempo marróns, os ollos cambiábanlle de cor. María o que non sabía era que aquel mozo era un home lobo; so se convertía en lobo os días de lúa chea e xustamente ese día había lúa chea. O mozo díxolle a María se



lle gustaría que fosen dar un paseo á luz da lúa, e María díxolle que si.

As 12 da noite María estaba notando algo raro nel. O chaval estabase comportando de forma estraña ,empezáballe a saír pelo e non falaba ouveaba: auu ..., auu .

María empezou a correr e avisou á policía e o capturaron. O día seguinte volveu converterse no mozo e soltárono, pero xa era demasiado tarde, íase por a lúa de novo.

Cando se puxo, converteuse de novo en home lobo e empezou a matar xente.

Matou aos policías pero só quedaba unha persoa: María. Ela púxose a loitar con el, a quería matar, pero ela tamén se defendeu con táboas e pedras, pero non lle facían nada e o lobo cansou e empezoulle a morder cos seus dentes afiados. Pero coas garras fíxolle un burato no peito, meteu a man e arrincoulle o corazón. Ao sacarllo, María morreu.

Serafín Canosa

E se fose certo...?

Raúl de visita por Bueu

Saúl Vidal Ferradás

O capitán do Real Madrid, Raúl González veu nunha viaxe sorpresa a Bueu o pasado 3 de novembro.

Foi recibido no concello polo noso alcalde Félix Juncal.

Logo foron a coñecer os arredores, levaron ao xogador madridista a Cabo Udra (Beluso) e tamén a Chans (Cela), onde o xogador quedou abraiado polas maravillosas vistas da nosa vila.



Raúl González na roda de prensa no concello de Bueu

Regresou a Madrid pola noite, despois de dar unha rolda de prensa no salón do concello, na que declarou que lle gustara moito o nosa vila e que volvería noutra ocasión.

Pai e Fillo pescan un peixe de tres ollos

María Golobardas Otero

Un rapaz de 10 anos e o seu pai pescaron un peixe de tres ollos, ocorreu no río Miño as 5:30 da tarde.

Quedaron sorprendidos ao ver un peixe tan raro.

Estaban pescando tranquilamente cando de súpeto... presentouse ese becho. Despois de telo nas súas mans levárono a unha lonxa onde se vendeu, confiamos que non fora a parar a ningún prato, quen sabe as consecuencias que pode ter comer un peixe coma ese?.



Arrepiante peixe do río Miño

A Gran obra

Verónica Gómez López e Tamara Patiño Rivas

No salón de actos do CEIP de Montemogos de Beluso celebrouse o festival de Nadal. Os nenos e nenas de 5º A e 5º B participaron representando una obra de teatro de título "Unha pasada de modelos". Obra que resultou todo un éxito, destacando polo seu bo humor e pola estupenda interpretación dos actores.

Parabéns




Misteriosas desaparicións no CEIP Montemogos

Paula Santos Piñeiro

Ao principio deste curso escolar no CEIP Montemogos comezaron a desaparecer obxectos, eran cousas pequenas como cromos, gomas, lapis, bolígrafos... pouco tempo despois apareceron cousas escachadas e pintadas.

Os nenos e nenas de 5º B puxéronse mans a obra para esclarecer este misterio, e despois de moito investigar, xa teñen algún sospeitoso.... Seguiremos a informar.



Os nenos e nenas de 5º investigan o caso

As lapas devoran un colexio en Beluso

Joel Ríos Malvido

O pasado Xoves celebraron o magosto no CEIP de Montemogos de Beluso. Mentres asaban as deliciosas castañas para os nenos e as nenas, unha lapa da fogueira prendeu nas cortinas da

Biblioteca e desgraciadamente ardeu todo o colexio.

Grazas a que tanto nenos como profesores estaban fóra ningún resultou ferido.

A Visita de Bojan ao CEIP Montemogos


Rubén Portela Domínguez.

O pasado venres no CEIP Montemogos reuniron a todos os nenos e nenas no salón de actos, unha vez alí contáronlles unha nova que lles ía ilusionar moito, a visita dun xogador do F.C. Barcelona.

Cando Bojan entrou no salón todos os nenos comezaron a berrar ilusionados coreando o seu nome, de seguido os profesores do centro mandaron calar para poder empezar a conferencia.

Bojan, que estivo moi atento as preguntas dos nenos, contou un pouco como se pode xogar ao fútbol, e tamén explicou as técnicas para regatear, cando é un fora de xogo, e distintas regras do

deporte do fútbol... cando acabou de falar o director pediu un forte aplauso para este gran xogador, que acabou a súa visita elixindo a tres nenos para xogar un pouco coa pelota, aínda que ningún deles foi quen de quitarlle o balón dos pés ao barcelonista, os nenos quedaron encantados desta visita.



Bojan saudando ao nenos do CEIP Montemogos

Os Jonas Brothers en vivo


Carmen García Otero

O pasado 3 de novembro os Jonas Brothers estiveron en Bueu para presentar a súa película "Jonas Brothers the concert spirit" en DvD.

Os nenos e nenas de 5º B quedaron moi contentos cando souberon que irían velos ao seu camerino e a ver o seu concerto grazas a unha excursión organizada polas profesoras do centro, durante a visita algunha nena comezou a berrar como unha tola e os servizos médicos tiveron que actuar ante ese ataque de histeria.

Grazas á profesora de inglés, que fixo de intérprete, os nenos puideron entenderse con eles.


O concerto foi xenial, e os Jonas Brothers deixaron a todos os seus fans contentos ao anunciar que volverían o próximo ano ao noso pobo.




Os Jonas brothers

EDUCACION FÍSICA



PARTES DO CORPO



LATERALIDADE




O CORPO HUMANO



O CORPO HUMANO

Organismograma

1. "Gobierna" el movimiento del ser humano
2. Pueden ser largos, cortos o planos.
3. En singular, une un hueso con otro.
4. Conjunto de todos los huesos y articulaciones
5. Por ahí entran los alimentos
6. Son los encargados del movimiento
7. En singular, se llena de aire



Sopa de letras

Busca 10 alimentos habituales de nuestra dieta

T	O	M	A	T	S	E	C	T	O	P
O	T	I	L	O	P	S	F	D	T	A
M	E	Q	P	E	S	C	A	D	O	T
A	R	C	U	O	C	F	V	B	M	A
T	F	M	N	H	L	H	R	T	A	T
I	P	F	I	U	O	L	E	E	T	I
U	A	A	G	E	T	Y	O	R	E	G
K	T	E	N	V	L	U	I	N	H	S
M	A	R	R	O	Z	M	I	E	S	A
I	T	T	R	S	T	N	M	R	G	C
O	A	A	R	G	G	H	L	A	T	E
L	C	H	O	C	O	L	A	E	R	I

Busca sete palabras relacionadas con partido de futbol

L	P	E	L	O	T	A	F	Y	M	F
K	D	A	I	R	I	E	T	R	O	P
A	R	E	M	A	T	E	D	M	E	C
J	K	R	R	H	K	M	F	U	J	O
P	E	N	A	L	T	I	U	G	E	R
Q	H	I	F	U	L	Y	F	O	J	N
Y	W	C	O	B	K	F	E	L	N	E
T	A	R	X	E	T	A	G	J	M	R

Ante a continua desaparición de especies animais e vexetais do noso planeta por culpa da avaricia da humanidade, @s alumn@s de 6º B imos presentar unha serie de prantas chamativas para concienciarnos das marabillas que estamos a destruír a diario:

AS HELICONIAS



A Heliconia é un xénero que agrupa máis de 100 especies de plantas tropicais, orixinarias de América do Sur, América Central, as illas do Pacífico e Indonesia. Moi elegantes, e sempre interesantes, a maioría de Heliconias desenvólvense por debaixo dos 600 metros nas zonas húmidas dos trópicos, sendo Colombia o país que ten máis variedades (arredor das 100).

Están compostas por un talo con follas simples, alternas, de marxe enteira. As súas flores son hermafroditas, teñen unha parte masculina, estames e unha feminina, pistilo. Poden alcanzar entre 1 e 7 metros de altura. É fermoso e curioso a un tempo, ver como os Colibríes polinizan ás especies vermellas, amarelas, rosas e laranxas, en tanto que os morcegos son quen polinizan as Heliconias verdes.

A MENTA

A menta (mastranto) é unha herba comestible apreciada polo seu aroma refrescante. O consumo de esta herba e dos seus derivados produce una sensación de frío na boca e nas vías respiratorias. Ten múltiples usos, dende o culinario ata a aromaterapia, pasando polas propiedades medicinais.



OS CARAVELES DO AIRE

As tillandsias chamadas tamén "caraveles do aire" son orixinarias de América Central, América do Sur, México e sur de Estados Unidos, pertencen á gran familia das bromelias.

Existen máis de 500 especies. Encóntanse en climas moi diferentes (zonas tropicais húmidas: bosques, zonas áridas: desertos e montañas...).

Son epífitas, capaces de vivir sen terra. Na natureza medran normalmente sobre outras plantas, sen ser parasitos, xeralmente en árbores, pero tamén hai especies que son litofitas (sobre rochas, teitos, liñas de teléfono, etc).

Aliméntanse do aire (humidade) grazas a un sistema de peliños ou escamas que lle permiten absorber o que necesitan para vivir. Poucas especies medran directamente na terra.



A GARDENIA

A Gardenia é unha planta da familia Rubiaceae, orixinaria de China. É un arbusto perenne cor verde escura, brillante e suave. As súas flores son brancas, rosa e semellantes a aquelas utilizadas como plantas ornamentais. Unha flor, colocada en un vaso con auga, pode perfumar un agradable espazo para un par de días. Unha das súas principais demandas para medrar son os chans ácidos compostos de ferro e moita humidade. Poden acadar unha altura media de 2 m, dependendo da especie.



Chegan as festas do Nadal, e como moitos de vós aínda non tedes decidido o menú para estas datas especiais, @s alumn@os de 6ºB deixámosvos unha lista das diferentes variedades mariñas que ofrece a nosa ría e cas que seguro triunfaredes coma anfitrións nas ceas familiares:

AS CABALAS

As cabalas nadan en grandes bancos e realizan migracións estacionais. En primavera e verán, viaxan ao norte para reproducirse en inverno regresan ao sur. Unha femia, pode producir ata 450.000 ovos que, unha vez fecundados flotan na auga ata a súa eclosión, aos catro días. Os xóvenes aliméntanse de plancto e larvas de peixes; os adultos comen pequenos peixes e crustáceos.

CHOCOS

Molusco mariño da clase dos cefalópodos de corpo ovalado e cor blanqueciño aínda que se poden cambiar de cor para camuflarse. É parecido ao calamar pero coa cabeza máis grande, da que saen oito brazos e dous tentáculos máis longos, e protexidos por unha cuncha dentro do seu corpo que se atopa no dorso. A súa carne é comestible.

AMEIXAS

Molusco lamelibranquio comestible que vive nos fondos lodosos do mar e dos ríos.

Ameixa fina	Ameixa xaponesa	Ameixa babosa
Estrías finas e regulares, ben marcadas as radiais e as lonxitudinais.	Estrías radiais máis marcadas, e as lonxitudinais non son apreciables na rexión media.	Estrías lonxitudinais máis marcadas; pouco apreciables as radiais.
Marca de inserción do ligamento apreciable só na valva dereita.	Apreciables nas dúas valvas.	Pouco diferenciadas.
Cara interna da cuncha branca ou cun lixeiro ton laranxa.	Marrón, violácea ou amarela.	Branca, rosada ou alaranxada.
Sifóns separados en toda a súa lonxitude.	Soldados na maior parte.	Soldados en toda a súa lonxitude.
Dobre fila de tentáculos no bordo do sifón inhalante.	Tres filas de tentáculos.	Dúas filas.

O POLBO

Os octópodos son un orden de moluscos cefalópodos coñecidos como polbos. Carecen de cuncha e posúen oito brazos. Son animais mariños e carnívoros.



A NÉCORA

A nécora é un crustáceo pertencente á orde dos decápodos. O tamaño medio é de 10 cm de lonxitude. A súa cortiza é marrón escuro e posúe de oito a dez dentes pequenos localizados entre os ollos. Ten tons de azul e cuberto de pelo que teñen un aspecto aveludado. Os ollos son vermello e as pernas teñen franxas negras. A súa dieta é onívora. Viven en zonas costeiras do Mediterráneo e do Atlántico, a infra-zona litoral entre rochas e algas, pero non a máis de 70 m de profundidade.



O PERCEBE

Crustáceo da clase dos cirrípedes que medra sobre rochas batidas pola ondada. Aliméntase por filtración, xa que, debido á súa carencia de extremidades, permanecen inmóbiles adheridos ás rochas toda a súa vida adulta. O corpo está protexido por unha serie de placas e lle suxeita ao substrato por un pedúnculo, desenvolvido por modificación das súas antenas (é sésil). Non ten ollos.

Como ocorre con todos os crustáceos o seu desenvolvemento non é directo, necesitando realizar unha serie de mudas (ecdisis) para medrar.



A MULLER LOBO CAPITANA

Había alá, en tempos de Castela, un pai que tiña moitas fillas e unha delas comía moita carne, canto mais lle daban, mais comía.

Un día o pai díxolle:

— Aínda vas comer carne cos lobos ao monte.

Foi palabra maldita, que aquela noite desapareceu, sen saber que foi feito dela. Saíu, emborrallouse e voltouse unha fada. Unhas veces andaba de lobo e outras de muller. Foi desandando, desandando ata que chegou ás Canellas de Agradas de Tasende.

Por eses montes andou moito tempo de Capitán de lobos, paraba no monte do Cebreiro e facía moitos estragos na facenda e na xunten cando estaba de lobo. Cando estaba de muller, acendía o lume e xuntábanse os lobos derredor dela, e non lles deixaba facer mal ningún a ningún.

Unha vez cando viñan os homes do sal de Portugal, os lobos queríanos comer, e ela díxolles:

— Quietos, deixádeos pasar.

Así andou moito tempo ata que lle levantaron a fada. Adoitaba ir comer fariña a un muíño, estando o amo dentro quíxose meter por debaixo da porta coma sempre, e o meter a pata, o muíneiro quíxolle cortar unha pata cunha navalla. Ao principiar a cortar, meteu un berro e volveuse unha muller, así que se viu muller, quixo volver a casa, e preguntou de pobo en pobo ata que chegou, os da súa casa o vela tiveron moita delicia.


Para o verán, os de Tasende foron a sega a Castela e foron segar a casa da tal; ela preguntoulle que de onde eran, e díxéronlle que eran de Tasende e de Aguís:

— Pois eses pobos coñecíaos eu moi ben e coñezo o Cebreiro e as Canellas da Agra.

— ¿E logo como é para os coñecer?

— Pois tiven que andar por alí de fada, e fixen moitos estragos e por ningún tiven tanta pena coma por un rapaz que comín, e eu estábao despedazando mentres ría cara a min.

— Pois aínda se fala por alí desa fada e dende que ela marchou estase moi a gusto — díxéronlle os de Tasende.



O neno cabreiro

Esta é a historia dun neno que era cabreiro e que ía todos los días coas cabras ao monte. Unha mañá estaba no monte coas cabras e de súpeto aparecéuselle una serpe. O rapaz ao mirar a serpe asustouse e deulle un anaco de bocadillo. Dende ese día fixéronse amigos e a serpe comezou a saír con el e coas cabras. Pero unha tarde o neno foi ao servizo militar e cando voltou a serpe non o recoñeceu, enroscóuselle no pescozo e aforcouno. Despois de aforcar o neno, a serpe decatouse de que acababa de matar ao seu amigo, tirouse ao mar e afogou.

A COVA DA LONTRA

Había tempo que escaseaba a pesca na vila de Bueu. Cando ían a recoller os aparellos ao mar, a cotío os atopaban rotos.

Comezou entón a correrse a voz de que algúns mariñeiros viran unha lontra xigante meténdose nunha cova que había no penedo da Banda do Río e que era precisamente este becho o que espantaba aos peixes e a que desfacía os aparellos.

Fixéronse moitos intentos para capturala pero nunca foron capaces. Dicían que fuxía por unha saída secreta que daba a praia da Robaleira. Os anciáns falan de que aínda segue viva pero que xa non ten forzas para espantar os peixes da nosa Ría.



@s alumn@s de 6ºB esperamos que estas lendas sirvan para deixar de pensar no frío e nas longas noites de choiva destas datas mentres son lidas ao carón da lareira.

